

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e sete de xuño de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove

horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 20 de xuño de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- *CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS (2) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS*

Dáse conta aos/ás membros deste órgano que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 11 de xuño do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación

de dous (2) postos de traballo de socorristas, para os que foi concedida subvención ao abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 30, do 13/02/25).

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a solicitar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados (RS núm. 474, do 11/06/25). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatos/as:

Socorrista (oferta núm. [REDACTED])

- Areán Cambeiro, Carla
- Diéguez Codesal, Hugo

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante o prazo concedido, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Diéguez Codesal, Hugo (RE-E núm. 407, do 17/06/25)
- Areán Cambeiro, Carla (RE núm. 1043, 1046 e 1080, do 23/06/25 e 27/06/25)

A continuación, a Xunta de Goberno Local procedeu á comprobación do cumprimento por parte dos/as candidatos/as presentados/as dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoos/as ao proceso selectivo.

Procédese deseguido á valoración dos méritos dos/as candidatos/as admitidos/as, co seguinte resultado:

CANDIDATO/A	CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS	SITUACIÓN FAMILIAR	SITUACIÓN DESEMPREGO	FORMACIÓN ACADÉMICA	TOTAL
Hugo Diéguez Codesal	1	0	0	2	3
Carla Areán Cambeiro	1	0	0	0	1

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal a tempo completo, modalidade de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, por un período de dous (2) meses e quince (15) días, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Socorrista (37,5 horas/semana)

NOME E APELIDOS	DNI
HUGO DIÉGUEZ CODESAL	████████
CARLA AREÁN CAMBEIRO	████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

3.- RECOÑECIMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORA LABORAL FIXA DO CONCELLO

VISTA a petición formulada pola traballadora laboral fixa, coa categoría de auxiliar de axuda no fogar, Dona María del Rocío Morais Vila (RE núm. 1076, do 26/06/25), solicitando o recoñecemento do cuarto trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballadora laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 13 de abril de 2016, 16 de abril de 2019 e 20 de outubro de 2021, recoñeceulle o dereito ao percibo de tres trienios.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral fixa Dona María del Rocío Morais Vila o seu dereito a percibir o cuarto trienio con data de consolidación do día 7 de setembro de 2024 e con efectos económicos do día 1 de outubro de 2024.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Eva Losada Barreiro, traballadora laboral fixa do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das vacacións do presente ano 2025 durante o mes de xullo do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta do Departamento de Servizos Sociais, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SILVIA PEREIRA GONÇALVES, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 11 de xullo e 1 de agosto de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora Eva Losada Barreiro.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 6 DA OBRA DE “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”, INCLUÍDA NO PLAN +PROVINCIA 2024

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 6 correspondente á obra de “Reforzo e pavimentación en rúas e viais das parroquias do Az, Guillar, Santa Mariña de Pescoso, O Salto, Camba, Carboentes, Asperelo e Arnego”, incluída no Plan Máis Provincia 2024, por importe de TRECE MIL DOUSCENTOS SETENTA E OITO EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (13.278,21 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 13.278,21 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-0170 (FACe), de data 10/06/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- BEGOÑA VÁZQUEZ LÓPEZ 3.250,00 €
Por asistencias a Plenos e Xuntas de Goberno Local no primeiro semestre de 2025, s/cargo.
- PATRICIA HERMIDA DEZA 3.150,00 €
Por asistencias a Plenos e Xuntas de Goberno Local no primeiro semestre de 2025, s/cargo.
- CONCEPCIÓN ISOLINA SOMOZA CALVIÑO 550,00 €
Por asistencias a Plenos e Comisións Informativas no primeiro semestre de 2025, s/cargo.
- ELENA GAMALLO MOURE 550,00 €
Por asistencias a Plenos e Comisións Informativas no primeiro semestre de 2025, s/cargo.
- PABLO CUÑARRO FERNÁNDEZ 450,00 €
Por asistencias a Plenos no primeiro semestre de 2025, s/cargo.
- JESÚS LÓPEZ DIÉGUEZ 300,00 €
Por asistencias a Plenos no primeiro semestre de 2025, s/cargo.
- LUÍS LÓPEZ DIÉGUEZ 450,00 €
Por asistencias a Plenos no primeiro semestre de 2025, s/cargo.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 8.027,27 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de maio de 2025, s/recibos.

- NATURGY IBERIA S.A. 3.100,23 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de maio de 2025, s/recibos.
- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 292,74 € E 66,54 €
Por consumos eléctricos do alumado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/facturas núm. PI25142000218251 e PI25142000218247 (FACe).
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 160,00 €
Por autoliquidación de taxa en concepto de permiso de obras en estradas provinciais, s/cargo.
- XUNTA DE GALICIA 137,30 €
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- RODOIL S.L. 102,85 € E 62,25 €
Por subministro de combustible aos vehículos da AVPC no mes de maio de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000191 e 2025/25/000193 (FACe).
- MAPFRE VIDA S.A. 1.072,48 €
Por seguro anual dos/as usuarios/as do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 75202519900030001390.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 880,29 €, 797,05 € E 1.133,40 €
Por traballos de mantemento e reparación de diversos vehículos municipais, s/facturas núm. T-182, T-183 e T-184.
- RODOIL S.L. 130,04 €, 114,59 €, 381,48 €, 250,12 €, 36,37 €, 18,14 €, 13,70 €, 89,18 €, 412,93 € E 167,44 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de maio de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000194, 2025/25/000197, 2025/25/000198, 2025/25/000199, 2025/25/000200, 2025/25/000201, 2025/25/000202, 2025/25/000203, 2025/25/000204 e 2025/25/000205 (FACe).

- O RODO, S. COOP. GALEGA 3.694,12 €
Por traballos de mantemento e reparación dos camións de recollida do lixo, s/factura núm. T-185.
- RODOIL S.L. 4,01 € E 26,39 €
Por lavado e subministro de combustible á máquina varredora no mes de maio de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000195 e 2025/254/000196 (FACe).
- SAUDETER S.L.U. 2.032,80 €
Por animación da festa infantil organizada polo Concello co gallo do San Antonio en Rodeiro, s/factura núm. SAU25/0133 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- RODOIL S.L. 382,58 €
Por subministro de combustible á furgoneta de transporte alugada, s/factura núm. 2025/25/000192 (FACe).
- TRADIP LUCENSE S.A. 907,50 €
Por aluguer mensual da furgoneta de transporte, s/factura núm. 111529 (FACe).
- MAXIDEZA S.L. 541,50 €
Por aluguer de desbrozadoras, s/factura núm. 2025 A 002477 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)